



DECRETO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/17	O Pleno

**Pedro Pereira Fernandez, EN CALIDADE DE ALCALDE ACCTAL,
DISPOÑO:**

PRIMERO. Que se convoque a próxima sesión deste órgano colexiado:

DATOS DA CONVOCATORIA	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente
Data e hora	16 de decembro de 2021 ás 12:00
Lugar	Salón de Plenos

Motivación da urxencia:

Antecedentes: esta Alcaldía con data de 15 de decembro do corrente, decreta a convocatoria Comisión Informativa extraordinaria Urxente de Economía e Facenda e Pleno extraordinario Urxente, para o 16 de decembro do corrente as 11:45 e 12.00 horas respectivamente, co asunto da aprobación definitiva da modificación orzamentaria consistente no Suplemento de Credit() SC 07/2021, expediente dixital 4672/2021.

A urxencia fundamentase na necesidade da aprobación definitiva do citado expediente dentro do exercicio de 2021. Mais tendo en conta que a aprobación inicial do SC 07/2021 o 12 de novembro de 2021 e segundo o certificado do secretario xeral do deste concello de data 14 de decembro, a exposición pública comezou coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data de 18 de novembro, rematado o prazo para formular alegación ao mesmo o día 13 de novembro, presentándose varias alegacións.

Como consta na proposta para o inicio do expediente de modificación orzamentaria de data de 18 de outubro da concelleira de Economía e Facenda, "*tratase de gastos que corresponden a obrigas ineludibles que non se poden demorar ata o exercicio seguinte*".

Tendo en conta que no que resta do actual exercicio 2021 quedan poucos días hábiles para informar as alegacións presentadas, proceder a convocatoria da comisión informativa de economía e facenda e do pleno para a estimación ou desestimación previa a aprobación definitiva e ao mesmo ter tempo





Concello do Porriño

suficiente para realizar as distintas operacións contables dentro do actual exercicio e polo que esta alcaldía, en base as motivación expostas, convocou Comisión Informativa extraordinaria Urxente de Economía e Facenda e Pleno extraordinario Urxente para o día 16 de decembro.

Lembrar que, segundo o artigo 182.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais poderán incorporarse os correspondentes créditos dos orzamentos de gasto do exercicio inmediato seguinte, e sempre que existan para iso os suficientes recursos financeiros, entre outros: os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito^o, que foran concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio.

Respecto do tramite da urxencia e segundo o ROF, o pleno debe pronunciarse sobre a urxencia, resultando apreciada esta pola maioría simple.

SEGUNDO. Que se realicen os trámites legais oportunos para levar a cabo a convocatoria e notificación aos membros deste órgano colexiado.

TERCEIRO. Que se fixe a seguinte orde do día:

ASUNTOS DA CONVOCATORIA

A) Parte resolutiva

1. Ratificación da urxencia da sesión
2. Aprobación definitiva da modificación orzamentaria consistente no suplemento de crédito 07/2021 (Expediente 4672/2021)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4QD9JH6JGMZF9F-GZELWXXGXS F | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579